

14 de abril de 1931

31 postais

# A PROCLAMACIÓN DA II REPÚBLICA NA CORUÑA

Xosé Alfeirán

Inés Rey García
Alcaldesa da Coruña

Textos:
Xosé Alfeirán

Fotos e documentos históricos:
Arquivo Municipal da Coruña, Arquivo do Reino de Galicia,
Arquivo da Real Academia Galega, Archivo General de la Administración,
Biblioteca de Estudos Locais da Coruña, Colección Sánchez Arévalo,
*La Voz de Galicia*, *El Noroeste*, *El Orzán*, *El Ideal Gallego*.

Deseño:
David Carballal estudio gráfico, SL

Impresión:
Anduriña

Depósito legal: C 517-2021

© dos textos, os seus autores
© das imaxes, arquivos e institucións das que proceden
© da presente edición, Concello da Coruña

Portada:
Ondeando a bandeira republicana no balcón do concello da Coruña o 14 de abril de 1931. Detalle retocado. Arquivo do Reino de Galicia. Fotografía 3825. No balcón, entre os homes, unha muller colle a driza do mastro onde van izar a bandeira galega.

# Presentación

Os instantes recollidos neste pequeno cofre da memoria que teño a honra de presentar foron, xa o sabemos, transcendentais para a historia de España, un país no que se xogaba unha batalla máis –polo momento aínda en sentido metafórico– entre a liberdade e o autoritarismo, tan típica do período que despois coñeceríamos como "entre-guerras" do século XX en Europa.

Vemos esmorecer o reinado de Afonso XIII, erguerse no ar a forza da palabra de D. Santiago Casares Quiroga, as imaxes dos acontecementos arredor da histórica xornada electoral municipal do 12 de abril de 1931 e todo o acontecido na xornada daquel día 14 en que, nunha praza de María Pita ateigada, foi proclamada a República desde o balcón do Concello ou a nova Corporación republicana. Naqueles momentos A Coruña foi, outra vez, un facho do avance da liberdade, como o fora en 1589, en 1812, en 1820, tantas veces. O sucedido desde esas xornadas que contemplamos agora conxeladas nas imaxes xa é historia; coñecemos a frustración das arelas de liberdade, a guerra, a represión e a *longa noite de pedra* do franquismo. A nosa historia como cidade aprendeunos tamén a fraxilidade das conquistas, a necesidade de coidalas.

Por iso o Concello da Coruña ven celebrando desde hai décadas a II República, organizando exposicións, editando libros, apoiando actos cívicos ou recuperando para o patrimonio municipal o espoliado á familia Casares, entre as moreas de accións desenvolvidas por sucesivos gobernos municipais. Hoxe, 90 anos despois da proclamación da II República, volvemos a nosa ollada a eses rostros de esperanza, esas caras de trunfo alegre, de desexos de cambio, sabendo que son tantas as razóns para recuperar a memoria e poñela en valor como os motivos para seguir adiante nunha cidade que progresa en valores de liberdade, igualdade e xustiza, hoxe constitucionalmente consagrados e socialmente compartidos, pero sempre necesitados de recordo, reforzo e protección. Niso consistiu sempre facer memoria democrática: recuperar, restaurar, valorar e así contribuír a garantir o futuro da liberdade. Gocemos da memoria, gañemos o futuro.

Inés Rey García
Alcaldesa da Coruña
Abril de 2021

# 14 de abril de 1931
## A proclamación da II República na Coruña

> «Qué es la república [...]. La república
> es el gobierno del pueblo por el pueblo».
> Ramón Pérez Costales
> [patriarca do republicanismo coruñés]
> *La verdad a las aldeas*. 1869

Un dos acontecementos clave da historia contemporánea de Galicia e España foi a proclamación da II República o 14 de abril de 1931. Na Coruña, ese feito tivo unha especial relevancia debido ao seu carácter secular de cidade republicana e ao estar entre os protagonistas principais un dos seus veciños, Santiago Casares Quiroga.

Desde 1868, o republicanismo, nas súas diferentes faccións, foi na Coruña a ideoloxía política dominante entre as clases medias que conformaban o tecido social máis dinámico dunha cidade onde as actividades económicas principais eran as administrativas, comerciais, portuarias e de servizos. A orixe desta asunción estivo na desaprobación do modelo político monárquico liberal conservador, oligárquico, caciquil, centralista e de catolicismo oficial implantado en España no século XIX e que se mantivo vixente ata 1931. Fronte a este modelo, a burguesía coruñesa asumiu, partindo do liberalismo progresista, a defensa da democracia como a mellor opción que podía dar resposta aos seus desexos de liberdade e de autonomía municipal para a xestión dos asuntos locais. E iso, ante a inmobilidade do réxime monárquico borbónico, só se podía obter coa República.

A partir de 1893, os republicanos coruñeses, agrupados entorno ao Casino Republicano, conseguiron, presentando candidaturas conxuntas, gañar as eleccións municipais e facerse co control do concello ata 1923, a pesar das súas disensións internas. Tamén lograron contar co apoio de parte das masas obreiras da cidade que eran fundamentalmente anarquistas. Aínda que enfrontados laboral e ideoloxicamente, non entanto coincidían na súa oposición ao sistema vixente; por iso e porque moitos republicanos, que exercían como avogados, médicos ou farmacéuticos, axudaban ás clases populares, moitas veces lles deron o seu voto. A fortaleza e poder dos republicanos coruñeses converteron á cidade, nesa época, nun illa-bastión da democracia e da República, caso único en Galicia e un dos poucos de España.

Ademais tiveron a fortuna de contar con líderes de forte personalidade política, capaces de mobilizar á cidadanía na defensa dos seus ideais. Ás xeracións dos patriarcas, Federico Tapia, Pérez Costales, Moreno Barcia, o médico Rodríguez, Martínez Fontenla, Casares Paz, Antonio Lens ou Ángel Senra, foron seguidas por outras, con novos protagonistas entre os que destacou Santiago Casares Quiroga. Nacido en 1884 no seo dunha familia republicano federal, con casa na rúa Panadeiras, avogado criminalista e concelleiro, mantería unha intensa actividade política en defensa dos presupostos do republicanismo de esquerdas que o converterían nun referente en Galicia.

En 1923, ante a crecente crise da monarquía, o golpe de Estado do xeneral Miguel Primo de Rivera impuxo, co apoio do rei Afonso XIII, a ditadura militar, limitando as liberdades e suspendendo as garantías constitucionais. Os republicanos coruñeses foron desaloxados do Concello e silenciados. O réxime ditatorial consolidouse aproveitando os seus éxitos militares na guerra de Marrocos e a bonanza económica dos felices anos vinte. Non entanto, a partir de 1926 a ditadura atopouse con crecentes dificultades, aumentando a oposición das forzas antidinásticas e as demandas de volver á normalidade política. En 1929, na semiclandestinidade, os republicanos reorganizaron a súas forzas. Na Coruña, o 5 de setembro, republicanos e galeguistas, por iniciativa de Antón Villar Ponte e Santiago Casares Quiroga, fundaron a Organización Republicana Gallega Autónoma (ORGA). Declarada autónoma dos partidos republicanos tradicionais, pretendía agrupar aos republicanos galegos cun programa en defensa das aspiracións políticas de Galicia, no marco dunha república federal española.

A finais de xaneiro de 1930 Primo de Rivera dimitiu, poñendo de manifesto a descomposición da ditadura. O monarca nomeou ao xeneral Dámaso Berenguer novo presidente de Goberno co encargo de tentar volver ao sistema constitucional previo á ditadura. Con el iniciouse o que se coñece como dictabranda, porque progresivamente fóronse suavizando as imposicións da ditadura, permitindo a actividade política das forzas opositoras. Nesas cir-

cunstancias os republicanos redobraron os seus esforzos organizativos. En marzo, polo chamado Pacto de Lestrove, creouse a Federación Republicana Gallega (FRG), na que se integraron case todos os grupos e personalidades republicanas de Galicia. E en agosto, representantes republicanos das diversas tendencias existentes en España, asistindo Casares Quiroga en nome da FRG, acordaron, nun pacto verbal coñecido como Pacto de San Sebastián, colaborar para lograr a futura proclamación dunha República que tería en conta a personalidade política de Cataluña, Galicia e o País Vasco.

Trala incorporación plena do PSOE a ditos plans, as forzas republicano-socialistas crearon en outubro un Comité revolucionario co obxectivo de planificar un alzamento militar e unha mobilización popular para derrubar a ditadura e a monarquía. Ao mesmo tempo formaron un Goberno provisional para facerse cargo do poder e editaron un manifesto ao país xustificando a súa actuación. Casares Quiroga formaría parte e tería unha activa participación en dito Comité, sendo designado ministro de Mariña no futuro Goberno provisional.

A mediados de decembro produciuse o intento revolucionario de proclamar a República. Iniciado coa sublevación anticipada da guarnición de Jaca, que non puido impedir Casares Quiroga enviado polo Comité para retrasala, fracasou. O réxime reaccionou cunha dura represión sendo sumariamente fusilados os capitáns Fermín Galán e Miguel Ángel García Hernández, xefes da sublevación de Jaca, detidos parte dos membros do Comité revolucionario, entre eles Casares Quiroga, e outros obrigados a expatriarse para evitar ser encarcerados. A dureza da represión contribuíu a incrementar o desprestixio da monarquía e favoreceu o auxe do republicanismo.

Os acontecementos aceleráronse a partir de febreiro de 1931 coa dimisión do xeneral Berenguer, incapaz de levar a cabo o plan de restaurar o sistema monárquico constitucional anterior a ditadura mediante a convocatoria dunhas eleccións xerais que foron rexeitadas por todas as forzas políticas tanto monárquicas como antidinásticas. Para substituílo, Afonso XIII nomeou presidente de Goberno ao almirante Aznar, nacido na Coruña. O seu plan para reconducir a situación sería convocar rapidamente eleccións municipais para despois celebrar as xerais a Cortes. A data foi fixada para o 12 de abril, aceptando tanto as diferentes faccións republicanas e os socialistas como os monárquicos constitucionalistas participar nelas.

Paralelamente os procesos xudiciais contra os participantes na sublevación de Jaca e os membros do Comité revolucionario seguiron en marcha. Os seus xuízos celebráronse en marzo e pola súa repercusión na prensa convertéronse nunha argumentación contra a monarquía e a ditadura. No caso dos membros procesados do Comité revolucionario, entre os que estaba Casares Quiroga, o consello de guerra rematou coa imposición de penas mínimas que supuxeron a inmediata liberdade dos presos, sendo aclamados pola multitude que lles esperaba ás portas do cárcere Modelo de Madrid. Unha vez liberado, Casares Quiroga retornou á Coruña o 28 de marzo. Foi recibido de forma multitudinaria e trasladado a ombros desde a antiga estación de tren, situada na Gaiteira, ata a súa casa da rúa Panadeiras. Dita manifestación amosou a puxanza do republicanismo coruñés e o forte apoio con que contaba na cidade entre as clases medias e populares. Homenaxes multitudinarios tamén lle farían en días posteriores, a comezos de abril, en Ourense e en Ferrol, cando acudiu a participar en senllos mitins de afirmación republicana.

O 12 de abril celebráronse as eleccións municipais. Estas foron consideradas pola opinión pública das diferentes tendencias, tanto monárquicas como antidinásticas, como un plebiscito sobre a monarquía de Afonso XIII. Na Coruña a campaña foi intensa, apoiando a maioría da prensa –*El Ideal Gallego*, *El Orzán*, *El Noroeste* e *La Voz de Galicia*– a candidatura de coalición monárquica. Pola súa parte, os republicanos, agrupados entorno ao Casino Republicano e a FRG, presentaron candidatos en todos os distritos electorais nos que estaba dividida a cidade, aspirando conseguir a maioría, cando non todos os postos ofertados. Tamén houbo candidatos republicanos independentes e os socialistas presentáronse por separado.

A votación realizouse na Coruña con normalidade e sen incidentes, agás nunha mesa electoral que tería que repetir as eleccións días máis tarde, o 15, pero os seus votos só afectaban ao nome do candidato monárquico que sairía finalmente elixido. O resultado das votacións deron o triunfo absoluto aos republicanos, dos 39 concelleiros en disputa, 29 foron republicanos do Casino e da FRG, 4 republicanos independentes, 5 monárquicos e 1 socialista. Na maioría das cidades de España tamén produciuse o triunfo das candidaturas republicano-socialistas. En palabras do almirante Aznar un pais que se cría monárquico, en vinte catro horas amosouse republicano.

A incerteza sobre o futuro mantívose ao día seguinte, pero o martes 14 de abril ás seis 6 da mañá, en Eibar, Guipúscoa, proclamaron a República. Nas horas sucesivas foron sumándose e facendo o mesmo outras vilas e cidades. Na Coruña, ás catro da tarde, urxidos pola multitude congregada diante da sede do Casino Republicano, no Cantón Grande, os concelleiros republicanos electos iniciaron unha marcha cara ao Concello para facer a proclamación. En manifestación, seguindo á bandeira republicana, pasaron pola rúa Real e por Rego de Auga para desembocar na praza de María Pita. Ás cinco entraron no Concello cun motón de xente que invadiu os corredores e o salón de sesións, onde o cadro do rei foi esnaquizado e no seu lugar colocada unha alegoría ao óleo da República pintada polo pintor coruñés Román Navarro, propiedade do Casino Republicano.

Simultaneamente, os concelleiros electos republicanos, encabezados polo de máis idade, o patriarca Antonio Lens, entraron na alcaldía onde estaba o derradeiro alcalde monárquico Maximiliano Asúnsolo. En nome da República e do pobo, pedíronlle a entrega do poder. Non se opuxo e para dar constancia do feito, asinaron un acta de traspaso de poderes. Tras iso dirixíronse ata o salón de plenos onde constituídos en Concello declararon, ás cinco e cuarto, proclamada oficialmente a República. Despois foron ata o balcón principal do pazo municipal onde izaron as bandeiras republicana e galega, tras cortarlle a esta a coroa monárquica que tiña no seu escudo. Nas rúas coruñesas, ao longo da tarde e da noite, houbo unha gran animación, celebrándose a proclamación con música, manifestacións de alegría e cantando a Marsella, o himno de Riego e o himno galego.

Paralelamente en Madrid, a presenza do rei retardou a proclamación republicana, aínda que nas rúas xa se estaba celebrando. Ás sete e media da tarde, os membros do Comité revolucionario que estaban en Madrid, parte estaban expatriados, entraron no Ministerio de Gobernación, en Puerta del Sol, aclamados por unha multitude entusiasta. Con eles ía Casares Quiroga que viaxara desde A Coruña en coche toda a noite anterior. Constituídos en Goberno provisional publicaron os primeiros decretos e ao día seguinte tomaron posesión dos seus cargos. A II República iniciaba a súa andadura.

Con motivo do 90 aniversario da súa proclamación, o Concello da Coruña, a iniciativa da Concellaría de Educación e Memoria Histórica, edita esta colección de postais. Son 31, en alusión simbólica ao ano 1931. Con elas quérese facer, desde a perspectiva coruñesa, unha aproximación aos acontecementos históricos que se sucederon nos dous meses previos á chegada da II República, durante o derradeiro goberno da monarquía presidido curiosamente por un coruñés. En cada postal vai unha foto da época ou unha portada de periódico ou un documento que testemuñan un suceso político acontecido neses meses na Coruña ou no que estiveron implicados os coruñeses almirante Aznar e Casares Quiroga, e que nos permiten ver, dunha forma sintética e breve, a evolución dos acontecementos. Van acompañadas dun texto explicativo e de anacos seleccionados de noticias publicadas na prensa local, tentado facer un relato que nos permita aproximarnos a atmosfera que viviron os protagonistas deses feitos. Saúde e república.

Xosé Alfeirán

## Listado das postais

nº 1
11-2-1931 / No Casino republicano coruñés, conmemorando o aniversario da I República

nº 2
18-2-1931 / O rei Afonso XIII nomea ao almirante coruñés Juan Bautista Aznar presidente do seu goberno

nº 3
23-2-1931 / O goberno acorda a celebración das eleccións municipais o 12 de abril

nº 4
19-3-1931 / Membros do Comité revolucionario e outros presos políticos no patio do cárcere Modelo de Madrid

nº 5
21-3-1931 / Membros do Comité revolucionario procesados no consello de guerra por conspiración e excitación á rebelión

nº 6
28-3-1931 / Recibimento apoteótico de Santiago Casares Quiroga nas rúas da Coruña

nº 7
28-3-1931 / Recibimento apoteótico de Santiago Casares Quiroga no cruce das rúas da Franxa e Bailén

nº 8
28-3-1931 / Santiago Casares Quiroga arengado á multitude desde o balcón da súa casa na rúa Panadeiras

nº 9
28-3-1931 / Santiago Casares Quiroga rodeado da súa familia e amigos no salón biblioteca da súa casa da rúa Panadeiras

nº 10
29-3-1931 / Mitin conxunto dos anarquistas e republicanos coruñeses a favor da amnistía

nº 11
Abril de 1931 / Panfleto da candidatura republicana oficial do cuarto distrito da Coruña, contra os republicanos independentes

nº 12
12-4-1931 / Votando nas eleccións municipais nos colexios electorais da Coruña

nº 13
12-4-1931 / Votando nas eleccións municipais nos colexios electorais da Coruña

nº 14
12-4-1931 / Votando nas eleccións municipais nos colexios electorais da Coruña

nº 15
12-4-1931 / Votando nas eleccións municipais nos colexios electorais da Coruña

nº 16
13-4-1931 / Os resultados das eleccións municipais na prensa coruñesa

nº 17
13-4-1931 / Os resultados das eleccións municipais na prensa coruñesa

nº 18
13-4-1931 / Nomes dos concelleiros elixidos na Coruña e votos obtidos

nº 19
14-4-1931 / A multitude diante do Casino Republicano no Cantón Grande

nº 20
14-4-1931 / A manifestación coruñesa para proclamar a República

nº 21
14-4-1931 / A manifestación coruñesa para proclamar a República

nº 22
14-4-1931 / O pobo e a República no salón de plenos do Concello coruñés

nº 23
14-4-1931 / A sinatura da acta de traspaso de poderes no Concello da Coruña

nº 24
14-4-1931 / O pobo e a República no salón de plenos do Concello coruñés

nº 25
14-4-1931 / Ondeando a bandeira republicana no balcón do Concello da Coruña

nº 26
14-4-1931 / Izando a bandeira galega no balcón do Concello da Coruña

nº 27
15-4-1931 / A nova corporación republicana coruñesa

nº 28
15-4-1931 / Primeiro consello de ministros da II República

nº 29
15-4-1931 / Toma de posesión de Santiago Casares Quiroga, ministro de Mariña

nº 30
15-4-1931 / A proclamación da II República na prensa da Coruña

nº 31
15-4-1931 / A proclamación da II República na prensa da Coruña



*Alegoría da República*, talla policromada obra do artista compostelán Miranda, propiedade do Concello da Coruña e colocada no testeiro do salón de plenos municipal o 14 de abril de 1932, con motivo do primeiro aniversario da II República. Durante a ditadura franquista foi repintada, borrando a cor morada e substituíndo o rótulo do libro de Constitución por «Historia de España». Hoxe consérvase e exhíbese na Casa Museo Casares Quiroga do Concello da Coruña.

En homenaxe a todos aqueles homes e mulleres que o 14 de abril de 1931 soñaron cun mundo mellor; algúns dos seus rostros podemos contemplalos nesta colección de postais editada polo Concello da Coruña na súa lembranza no 90 aniversario da proclamación da II República.

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña


CANCELO

## 11-2-1931 / No Casino republicano coruñés, conmemorando o aniversario da I República

[Biblioteca de Estudios Locais da Coruña. PM-FGC/12]

A foto foi publicada na portada de *La Voz de Galicia* do 13-2-1931. Diante, sentados, de esquerda a dereita, Lino Molina, César Alvajar, Manuel Lugrís Freire, Juan González Rodríguez, Antonio Lens Viera y Gerardo Abad Conde, parte da plana maior do republicanismo coruñés.

Desde 1893, o Casino Republicano foi o lugar de unión dos republicanos e o motor que lles permitiu gañar, ata 1923, as eleccións municipais, controlar o concello e converter á Coruña nunha illa-baluarte da democracia republicana durante a monarquía borbónica. Agora, unidos republicanos e galeguistas coruñeses, desde 1930 na Federación Republicana Gallega, baixo a dirección de Santiago Casares Quiroga, reforzaban os seus ideais para loitar contra a ditadura apoiada polo rei Afonso XIII.

«Ayer a las ocho de la noche, tuvo lugar en el Casino Republicano la anunciada asamblea para conmemorar el aniversario de la proclamación de la primera República española. Momentos antes de la hora indicada el local del Casino [no Cantón Grande] se hallaba completamente atestado de público. Comenzó el acto con un discurso del presidente D. Juan González Rodríguez [...]. Habló después por la Juventud Republicana D. César Alvajar y le siguieron en el uso de la palabra D. Alfredo Somoza y los señores Villar Ponte, Abad Conde y Lugrís Freire. Todos ellos fueron grandemente aplaudidos y efusivamente felicitados. Se descubrieron los retratos de los presidentes honorarios D. Santiago Casares Quiroga y D. Antonio Lens. El momento fue de gran emoción, terminado con una estruendosa salva de aplausos. Se telegrafió a las entidades republicanas de Galicia y a Santiago Casares Quiroga a la Cárcel Modelo, dándole cuenta del acto».

***El Pueblo Gallego*, Vigo, 12-2-1931**

La Coruña.—Año XV.—Núm. 3.075

Jueves, 19 de Febrero de 1931

# El Ideal Gallego

Dirección Telegráfica y Telefónica: "Idea"-Coruña — Franqueo Concertado

DIARIO CATOLICO, REGIONALISTA E INDEPENDIENTE

Redacción y Administración: Cantón Grande, número 22 — Teléfono 1.177

BANCO HIPOTECARIO DE ESPAÑA
Préstamos amortizables a largo plazo sobre fincas rústicas y urbanas hasta 50 % de su valor.
Préstamos especiales para el fomento de la construcción.
Apoderamientos, Informes y tramitación gratis en la Delegación de Propaganda
Cantón Grande, 16
LA CORUÑA

PARA AMORTIZAR
un préstamo de una cantidad dada se pagarán CADA MES
Para más detalles diríjanse al agente mediador:
PABLO IGLESIAS ROURA
Cantón Grande, 16

## LA SOLUCION DE LA CRISIS

# AYER JURÓ EL NUEVO GOBIERNO

## LO PRESIDE EL CAPITAN GENERAL DE LA ARMADA SEÑOR AZNAR

### DE ÉL FORMAN PARTE
### ROMANONES, ALHUCEMAS, DUQUE DE MAURA, CIERVA, VENTOSA, MARQUÉS DE HOYOS, BUGALLAL Y BERENGUER

## BUENA ACOGIDA

Queremos recoger en estas líneas la impresión que ha causado el nuevo Gobierno en el medio que mantiene contacto con nosotros. Aun no se conoce declaración ministerial alguna ni siquiera se sabe que la haya. El teléfono suena incesantemente vinculado las llamadas de dentro y de fuera de la ciudad. No podemos dar otros informes que la constitución del Gobierno, los nombres de los ministros, y la noticia de que los nuevos consejeros han jurado ya. El comentario es lacónico y unánime: "Está bien. Me gusta el Ministerio". Tales son las frases que sin cesar se repiten.

[illegible]



Foto Agencia Gráfica.
Excmo. Sr. Marqués de Alhucemas, ministro de Gracia y Justicia

[illegible]



Foto Agencia Gráfica.
Sr. Conde de Romanones, ministro de Estado

## HOMENAJE A TOUBES

SUSCRIPCION para costear la colocación de la primera piedra de la futura iglesia parroquial de San Pedro de Nemenzo, de La Coruña!

[illegible]

NOTA.—Los donativos para esta suscripción se reciben en EL IDEAL GALLEGO y en la sacristía de la iglesia de San Pedro de Nemenzo, de La Coruña.

EN TORNO A LA ACTUALIDAD

## CONSECUENCIA EN TODOS

[illegible]

IMPRESION TELEFONICA

## EL DESENCANTO REVOLUCIONARIO

MADRID, 18 (12).

[illegible]

P. Y. L.

[illegible]



Foto Blanco.
Excmo. Sr. D. Juan Bautista Aznar y Cabanas, capitán general de la Armada, presidente del nuevo Gobierno. Fotografía del retrato que de tan ilustre gallego existe en el Palacio Municipal de nuestra ciudad



Foto Agencia Gráfica.
Excmo. Sr. D. Dámaso Berenguer y Fusté, conde de Xauen, ministro de la Guerra

[illegible]

## EL NUEVO GOBIERNO

PRESIDENCIA Y MARINA, AZNAR.
ESTADO, ROMANONES.
JUSTICIA, GARCIA PRIETO.
GOBERNACION, MARQUES DE HOYOS.
HACIENDA, VENTOSA.
EJERCITO, BERENGUER.
FOMENTO, LA CIERVA.
INSTRUCCION PUBLICA, GASCON Y MARIN.
TRABAJO, DUQUE DE MAURA.
ECONOMIA, BUGALLAL.

## Datos biográficos del Sr. Aznar

Nació el señor Aznar en La Coruña el 5 de septiembre de 1860, habiendo ingresado en el servicio de la Armada el [illegible]

[illegible]

## Antes de la jura

CAMBIO DE IMPRESIONES DE LOS MINISTROS DIMISIONARIOS

MADRID, 18.

[illegible]

EL ALMIRANTE AZNAR EN EL PALACIO DE BUENAVISTA

[illegible]



Foto Agencia Gráfica.
Excmo. Sr. Duque de Maura, ministro de Trabajo

## 18-2-1931 / O rei Afonso XIII nomea ao almirante coruñés Juan Bautista Aznar presidente do seu goberno

[Portada de *El Ideal Gallego* do 19-2-1931]

Abaixo, no centro, retrato do almirante Aznar, pintando en 1930 por Luis Mosquera, para o Concello coruñés e hoxe conservado na súa colección artística. Nos laterais fotos dos seus ministros, de esquerda a dereita: conde de Romanones, marqués de Alhucemas, conde de Xauen, e duque de Maura.

O 14 de febreiro de 1931, o xeneral Dámaso Berenguer presentou a súa dimisión como presidente de Goberno. Con el remataba a chamada dictabranda, continuadora da ditadura militar imposta en 1923 polo xeneral Miguel Primo de Rivera. A crise amosaba a crecente oposición pública á ditadura e o fracaso do intento de restaurar o modelo político monárquico anterior ao golpe de Estado militar sen ter en conta a libre expresión popular. Tras diversas consultas, o rei Afonso XIII nomeou presidente ao coruñés Juan Bautista Aznar y Cabanas, capitán xeneral da Armada, quen formou un goberno de concentración monárquica. O seu plan, para volver á normalidade constitucional, sería convocar rapidamente eleccións municipais, para despois facer as xerais a Cortes.

«Nació el señor Aznar en La Coruña el 5 de setiembre de 1860, habiendo ingresado en el servicio de la Armada el 7 de julio de 1874, dónde prestó valiosos servicios [...]. El 30 de octubre de 1928 fue elevado a la más alta categoría de Capitán general de la Armada [...]. Perteneció el señor Aznar, como ministro de Marina al Gabinete que disolvió el golpe de Estado de 1923 [...]. Su trato exquisito y llano le han hecho acreedor a la simpatía y afecto de cuantos le conocen, pues unido a estas condiciones lleva la de una indomable energía en el mando, que le ha granjeado el respeto de sus subordinados».

***El Ideal Gallego*, A Coruña, 19-2-1931**

DIEZ CENTIMOS
DOS PESETAS al mes

# EL ORZÁN

Redacción y Administración
PLAZA DE MARIA PITA, 7
Teléfono, 1.377 — Franqueo concertado

Año XIV -- Núm. 3851 — DIARIO INDEPENDIENTE — Martes 24 de Febrero de 1931

### DESPUES DE LAS REUNIONES DE GINEBRA

## EL ARBITRAJE INTERNACIONAL

El concepto dogmático de la soberanía nacional que imperó hasta época reciente en el mundo inspiró la costumbre de insertar en los Tratados una cláusula que reservaba cuantas cuestiones afectasen al honor o a los intereses esenciales de los firmantes. Era, evidentemente, destruir el valor principal de los tratados en cuanto instrumentos de paz.

Las naciones no suelen, en efecto, recurrir a las armas por cuestiones que consideren sin importancia. Hasta los más ciegos militaristas no hunden a su país en una guerra como no sea por un objetivo que estimen esencial para el honor o la prosperidad nacional. Ahora bien: si tales cuestiones quedan fuera del arbitraje, es evidente que éste deja de ser un recurso contra la guerra, y queda reducido en el mejor de los casos, a un método más fácil de zanjar los conflictos internacionales de orden secundario.

No es, por lo tanto, sorprendente que cuando se propuso en La Haya, en 1899, el establecimiento de un sistema general de arbitraje internacional, el príncipe de Bulow haya enviado a su imperial amo y señor Guillermo de Hohenzollern, este informe triunfal: "Apenas si queda ya más que el nombre, gracias a la cláusula insertada a instigación de Alemania, según la cual el arbitraje internacional queda excluido en todos los casos en que se hallen en juego los intereses vitales o el honor de un país."

Si los convenios de arbitraje general han de servir para algo, es necesario que semejante reserva deje de figurar en los Tratados.

—

Así llegamos a 1914, año en que la situación era, poco más o menos, la siguiente:

tarislas, iba ganando más y más el favor popular. Las sentencias arbitrales aumentaban y se multiplicaban los Tratados de arbitraje. Se habían iniciado intentos de organización internacional, pero con muy escaso resultado; y los esfuerzos hechos en La Haya en 1899 y en 1906 para lograr adelantos más concretos y sustanciales habían fracasado en su conjunto.

Por otra parte, el viejo adagio "Si vis pacem para bellum" se consideraba aún generalmente como la expresión de la más alta sabiduría, a pesar de que implicara aquellos armamentos a ultranza en que todas las personas sensatas veían un peligro siempre mayor para la paz.

EL MOMENTO POLITICO

## LA ACTITUD DE LOS SOCIALISTAS

(POR TELEFONO)

SE ABSTENDRAN EN LAS ELECCIONES LEGISLATIVAS, PERO ACUDIRAN A LAS MUNICIPALES Y PROVINCIALES. DIMITEN BESTEIRO, SABORIT, OVEJERO Y OTROS

Madrid.—Ayer volvieron a reunirse en la Casa del Pueblo los Comités nacionales del partido socialista y de la Unión General de Trabajadores.

[illegible] por la mañana y [illegible] nueve y media de la noche.

De ellas facilitaron la siguiente referencia:

"Consecuencia de las distintas interpretaciones dadas por los miembros de [illegible]

### ACUERDOS DEL CONSEJO DE MINISTROS

## Las elecciones municipales se celebrarán el 12 de Abril

**Un proyecto de decreto para la revisión del Código de la Dictadura. -- El problema escolar. -- Los nombramientos de alcaldes. -- Los recursos electorales**

**(Información telefónica)**

SE REUNEN LOS MINISTROS.—LO QUE DIJERON A LA ENTRADA

Madrid.—A las cinco y cuarto de hoy se reunieron los ministros en el ministerio de Ejército, por deferencia a Berenguer, que sigue enfermo, para celebrar Consejo.

Interrogado el Sr. La Cierva sobre si llevaba algo de la cuestión ferroviaria dijo que no sabía si se trataría de ello en la reunión.

Sobre el "lock-out" anunciado para las doce de la noche de mañana por los patronos de transportes, dijo que creía que todo se arreglaría.

El ministro de Gracia y Justicia dijo que seguramente se ocuparían en las cuestiones ferroviaria y universitaria.

El de Instrucción confirmó que, efectivamente, se iba a tratar de la enseñanza.

El conde de Romanones manifestó que esta mañana había estado con el Rey visitando las obras de la Ciudad Universitaria, y que de ellas había obtenido una impresión gratísima.

Preguntado sobre cuando se marcharía a París el Sr. Quiñones de León, contestó

mente, el Gobierno acordó autorizar al ministro de la Gobernación para que lleve al Consejo próximo una propuesta de soluciones. En cuanto al punto relativo a la subsistencia o no de la ley municipal de 1877, que daba intervención gubernativa en las reclamaciones sobre la incapacidad de los electores, se acordó dictar las disposiciones oportunas para evitar toda intervención gubernativa."

### Notas de ampliación

EL CODIGO PENAL DE 1870 Y EL DE 1928.

Madrid.—Como ampliación a la referencia del Consejo de ministros de esta tarde debe decirse que el Gobierno trató de la aplicación del Código penal.

Después de estudiado el asunto largo rato fué aprobado el proyecto de decreto presentado por el ministro de Justicia para poder determinar cuál de los dos Códigos debe ser aplicado, pues hubo de reconocer el Consejo que el aprobado por la Dictadura en 1928 tiene algunos extremos que son aceptables por estar acomodados

## 23-2-1931 / O goberno acorda a celebración das eleccións municipais o 12 de abril

[Titulares da portada de *El Orzán* do 24-2-1931]

Seguindo o plan previsto, o Goberno do almirante Aznar aprobou, o 23 de febreiro, celebrar as eleccións municipais o 12 de abril. A convocatoria sería publicada na *Gaceta* oficial o 16 de marzo, comprometéndose o Goberno a non intervir no proceso electoral. Ditas eleccións serían para a renovación total das corporacións municipais e nelas, de acordo coa lei electoral aprobada en 1907, só poderían votar, e ser elixidos concelleiros, os varóns maiores de 25 anos. As diferentes faccións republicanas, os socialistas e os monárquicos constitucionalistas acordarían participar nelas.

«En el Consejo [de ministros] se habló también de las elecciones municipales. Y aunque el deseo del Gobierno era que se celebraran el 29 de marzo, como este día es Domingo de Ramos y el escrutinio habría de verificarse el Jueves Santo y la proclamación el Domingo de Pascua, se ha tomado, por fin, en firme, el acuerdo de que las elecciones municipales se celebren el 12 de abril».
***El Noroeste*, A Coruña, 24-2-1931**

«Cumpliendo el Gobierno de Vuestra Majestad los compromisos que voluntariamente contrajo con la opinión pública, entiende procede acudir sin dilaciones a la consulta de la voluntad popular para constituir los Ayuntamientos. [...] Y en estas condiciones, cuanto más apresuramiento haya en la manifestación del sufragio y en la constitución de Municipios que le deban la existencia, será un paso más definitivo en el camino de la total normalidad constitucional».
***Gaceta de Madrid*, 16-3-1931**



## 19-3-1931 / Membros do Comité revolucionario e outros presos políticos no patio do cárcere Modelo de Madrid

[Detalle. Foto Alfonso. Archivo General de la Administración. Estudio fotográfico Alfonso 034801]

De esquerda a dereita: Francisco Garzón Baz, Ángel García, Justo Aedo, Jesús del Río, Ángel Galarza, Luis Hernández Alfonso, Antonio Sánchez Fuster, Carlos Castillo, Niceto Alcalá-Zamora, Francisco Largo Caballero, Fernando Brisuel, Fernando de los Ríos, Miguel Maura, Emilio Palomo e Santiago Casares Quiroga.

O 12 de decembro de 1930, a guarnición de Jaca, encabezada polos capitáns Fermín Galán e Miguel Ángel García Hernández, sublevouse contra a ditadura monárquica e proclamou a República. A súa acción, feita con anticipación, formaba parte dun amplo movemento no que estaban implicados, ademais de militares, os republicanos e os socialistas aliados baixo a dirección dun Comité revolucionario. Dito comité tamén constituíuse en un Goberno provisional, que se faría cargo do poder tralo posible triunfo, e publicou un manifesto ao país xustificando a súa acción. En todos eses actos tivo unha activa participación o republicano coruñés Santiago Casares Quiroga. O intento fracasou, os capitáns Galán e García Hernández foron fusilados e moitos dos implicados detidos, entre eles parte do Comité revolucionario que pasaron presos ao cárcere Modelo de Madrid.

A fotografía foi tomada polo fotógrafo Alfonso Sánchez Portela quen, previamente de acordo cos presos, a fixo o día anterior ao inicio do seu procesamento desde unha casa próxima cun teleobxectivo. Mediante un sinal feito cun pano de man, os presos, que estaban paseando polo patio do cárcere, fóronse achegándose ao centro e aliñándose, mirando cara a onde el estaba. A foto sería censurada e non publicada neses momentos.



## 21-3-1931 / Membros do Comité revolucionario procesados no consello de guerra por conspiración e excitación á rebelión

[Foto Alfonso. Archivo General de la Administración. Estudio fotográfico Alfonso 034848]

De esquerda a dereita: Álvaro de Albornoz, Niceto Alcalá-Zamora, Francisco Largo Caballero, Fernando de los Ríos, Santiago Casares Quiroga e Miguel Maura.

O 20 de marzo de 1931 iniciouse o consello de guerra contra os membros do Comité revolucionario acusados dos delitos de conspiración e excitación á rebelión. O proceso, pola súa repercusión na prensa, contribuíu a incrementar o desprestixio da monarquía e o aprecio popular aos encausados. O 24 ditouse sentencia, sendo condenados á pena mínima de seis meses e un día de prisión. Os presos, pola aplicación da liberdade condicional, saíron ao día seguinte do cárcere, sendo aclamados pola multitude.

«La noticia de haber sido puestos en libertad los firmantes del manifiesto revolucionario de diciembre, fue acogida [en A Coruña] con gran júbilo por los elementos republicanos de nuestra ciudad.
El Casino republicano fue engalanado y desde la lágrima del Obelisco fueron disparadas varias bombas. Numerosos grupos se estacionaron en el Cantón Grande frente al Casino, dándose vivas a la República. Cerca de las nueve de la noche partió del Casino una nutrida manifestación que se dirigió por la calle Real, Bailén y Estrecha de San Andrés hasta la de Panaderas, donde tiene su domicilio el señor Casares Quiroga. Frente a su domicilio se detuvo la muchedumbre que se habían visto aumentada con nuevos grupos de manifestantes y allí se reprodujeron los vivas y aplausos. Un grupo de manifestantes subió al domicilio del señor Casares Quiroga, con objeto de saludar a sus familiares, y desde el balcón, el señor Wonenburguer, hizo presente a los manifestantes en breves frases la gratitud de la familia».
***El Noroeste*, A Coruña, 25-3-1931**



## 28-3-1931 / Recibimento apoteótico de Santiago Casares Quiroga nas rúas da Coruña

[Foto Cancelo. Archivo General de la Administración. F/03097-03-2]

Santiago Casares Quiroga sinalado cun X na foto.

«Ayer, en el tren correo, llegó a La Coruña don Santiago Casares Quiroga, distinguido abogado coruñés, elocuente tribuno y republicano de abolengo, que acaba de ser absuelto por el Consejo de Guerra, después de tres meses de reclusión en la Cárcel Modelo de Madrid, como uno de los firmantes del manifiesto revolucionario de diciembre [...]. Desde mucho antes de la hora de llegada del tren, se dispararon bombas con profusión [...]. Los andenes de la estación se invadieron de una enorme muchedumbre, en la que formaban mujeres, estudiantes, obreros, gentes de todas las clases sociales, pues en unos y otras goza el señor Casares de sinceras simpatías».

***La Voz de Galicia*, A Coruña, 29-3-1931**

«El correo llegó a la estación a las siete menos diez minutos [da tarde]. [...] Ya en tierra las manifestaciones de entusiasmo llegaron a su periplo álgido. Casares Quiroga fue materialmente arrebatado del vagón y levantado en hombros por varios entusiastas que se dirigieron en esta forma a la salida de la estación, donde la Juventud Republicana se encargaba de abrir calle. Entre aplausos y vítores salió Casares Quiroga en hombros de la estación, repartiendo abrazos y apretones de mano y contestando sonriente a las continuas demostraciones de afecto. En la explanada de la estación se organizó la manifestación. Iba en primer término un grupo de jóvenes republicanos abriendo camino. Seguía después un cartelón con la bandera republicana pintada y en su parte inferior, la siguiente inscripción: "Los republicanos a su ministro de Marina". Seguía después el "leader" republicano en hombros y a sus lados las banderas de las Juventudes Republicanas de Santiago y de La Coruña».

***El Noroeste*, A Coruña, 29-3-1931**


Relojeria Fina 63
ENCAJES-CORSES
CASA PASCUAL
MEDIAS
LA VERDAD
GRANDES SALDOS
EN TEJIDOS

## 28-3-1931 / Recibimento apoteótico de Santiago Casares Quiroga no cruce das rúas da Franxa e Bailén

[Foto Cancelo. Archivo General de la Administración. F/03097-03-3]

A foto foi publicada na portada de *La Voz de Galicia* do 29-3-1931. Santiago Casares Quiroga sinalado cun X.

«La inmensa manifestación tomó la Avenida de Fernández Latorre, siguió por la de Linares Rivas, Plaza de Orense, Sánchez Bregua, Plaza de Mina, Avenida de los Cantones, calle Real, Bailén, San Nicolás y Panaderas hasta la casa del señor Casares. Durante el paso por estas calles, seguían disparándose bombas, y los vivas eran prolongados, no sólo por parte de las gentes que formaban en la manifestación, de otras que se hallaban como espectadores en las vías del trayecto, sino de gentes que se asomaban a las ventanas y simpatizaban con el señor Casares y con su ideario. El señor Casares recorrió todo el itinerario desde la estación en hombros de republicanos y obreros, que quisieron rendirle este homenaje popular. La manifestación iba precedida de las banderas de la Juventud Republicana, de las correspondientes a las agrupaciones de este matiz que vinieron de Santiago, de Betanzos y de otros pueblos. De Ferrol lo efectuaron las directivas del Centro y la Juventud republicana [...] Al llegar la manifestación a la calle Panaderas, subieron a casa del señor Casares algunos correligionarios, y esperaron asomados al balcón, luciendo en éste una bandera republicana, la entrada del homenajeado, que llegó, como va dicho, en hombros y entre vítores continuados. Era una inmensa ola de gente que invadía la citada calle, la de Cordonería, el principio del Orzán, San Nicolás y parte del campo de la Leña».

***La Voz de Galicia*, A Coruña, 29-3-1931**



## 28-3-1931 / Santiago Casares Quiroga arengado á multitude desde o balcón da súa casa na rúa Panadeiras

[Foto Cancelo. Archivo General de la Administración. F/03097-03-5]

Julio Wonenburguer, en primeiro plano, Santiago Casares Quiroga, con xesto enérxico, e o portador da bandeira republicana.

«Desde  el balcón de su casa y dando pruebas de una fortaleza extraordinaria, pronunció el señor Casares Quiroga las siguientes palabras: Coruñeses, correligionarios, amigos por encima de todo. Con las entrañas atenazadas por la emoción más honda, con el espíritu entregado totalmente a vosotros, yo os agradezco, ciudadanos coruñeses, este enorme homenaje que me habéis tributado, no a mí, sino a aquel que ha sabido conllevar -o por lo menos pretendió- con dignidad, vuestra representación, y que hoy ha vuelto entre vosotros para rendiros cuenta de ella. (Ovación). Más que el homenaje, amigos y correligionarios, yo, republicano de nacimiento, continuador de la labor de tres generaciones, que es mi mayor orgullo, yo os agradezco más que este homenaje el honor del homenaje. En esta ocasión, pueblo coruñés, vuelvo pletórico de recuerdos, pleno de emociones, vibrando como una antorcha. Hoy encuentro a aquella Coruña de mi mocedad, democrática, republicana, revolucionaria. (Muchos aplausos). [...] Vuelvo entre vosotros con más dignidad que fui y con más responsabilidad también [...] de forjar una España nueva [...]. Recibid todos y cada uno de vosotros el más estrecho abrazo que mi corazón puede dedicaros. (Se repiten las ensordecedoras ovaciones que duran largo rato). Aún hubo de salir el señor Casares Quiroga nuevamente al balcón para saludar a la muchedumbre que seguía aplaudiendo».

***El Noroeste*, A Coruña, 29-3-1931**


7
6
8
9
5
10
2
1
4
3

## 28-3-1931 / Santiago Casares Quiroga rodeado da súa familia e amigos no salón biblioteca da súa casa da rúa Panadeiras

[Foto Cancelo. Biblioteca Municipal de Estudios Locais. PM-FGC/58]

A foto foi publicada na portada de *La Voz de Galicia* do 29-3-1931.

«Cerca de las ocho [da tarde] llegó la cabeza de la manifestación a la calle Panaderas, donde tiene su domicilio el señor Casares Quiroga [...]. Por fin, tras nuevas manifestaciones de entusiasmo pudo el señor Casares Quiroga penetrar en su domicilio en el que le esperaban varios amigos y correligionarios además de sus familiares».
***El Noroeste*, A Coruña, 29-3-1931**

1 Santiago Casares Quiroga
2 A súa muller, Gloria Pérez Corrales
3 A súa filla, Esther Casares Quiroga
4 A súa filla, María Casares Pérez
5 Susita, Generosa López Rodríguez, coidadora de María Casares
6 Gerardo Abad Conde
7 Manuel Iglesias Corral
8 Julio Wonenburguer Canosa
9 Manuel Lugrís Freire
10 Juan González Rodríguez

## 29-3-1931 / Mitin conxunto dos anarquistas e republicanos coruñeses a favor da amnistía

[Titulares da portada de *El Noroeste* do 31-3-1931]

O domingo 29 de marzo de 1931, no Teatro Rosalía da Coruña, celebrouse un mitin organizado pola CNT no que participaron tamén os republicanos en favor da amnistía dos presos políticos e sociais. Falaron o obreiro anarquista José Suárez, o galeguista republicano Antón Villar Ponte, o médico republicano Enrique Hervada e o dirixente anarquista José Villaverde. O mitin amosou a confluencia de intereses, en contra da ditadura monárquica, das dúas principais forzas ideolóxicas que dominaban a cidade: o republicanismo e o anarquismo. Colaborarían para derrubala.

«José Suárez [...]. Termina haciendo un llamamiento a la libertad y dice que no la espera de los gobernantes monárquicos [...]. Villar Ponte [...]. Dice que la pretensión de los republicanos se condensa en el triunfo de las libertades [...]. El doctor Hervada [...]. Dice que ha aceptado el encargo de hablar en el mitin, por considerar un deber el expresar este anhelo de Justicia. Nosotros los que vivimos al margen de las actividades políticas, dedicados a nuestra profesión, admiramos a aquellos hombres como Casares Quiroga que pudiendo llevar una vida regalada por sus medios económicos, se la juegan por el triunfo de un ideal. (Aplausos). [...]. José Villaverde [...]. Una vez más –dice– se alza la voz de la Justicia interpretada por los soldados de la Confederación Regional del Trabajo. En esta ocasión podemos decir con orgullo que a la voz de los trabajadores del músculo se ha unido la de los trabajadores de la inteligencia. Califica duramente a los actuales gobernantes y dice que el caos actual de España es obra de los de arriba y no de los trabajadores del músculo o de la inteligencia».

***El Noroeste*, A Coruña, 31-3-1931**

# A LOS REPUBLICANOS DEL CUARTO DISTRITO

CORRELIGIONARIOS:

En estos momentos en que van a abrirse los comicios para entablar una lucha que no es lucha de hombres sino de ideas y de convicciones, es necesario que pongais toda vuestra atención en lo que vais a votar, porque cualquier error o claudicación podría acarrear perjuicios irreparables a la causa de la República, que es la causa de la Libertad y de la Justicia.

Frente a la candidatura de la Federación Republicana Gallega se han presentado una candidatura monárquica y otra llamada republicana — mal llamada republicana — de los Sres. Fandiño y Fernández Vázquez.

Pues bien; quien sea verdaderamente republicano, no debe votar esta candidatura. No es republicano en estos críticos días quien se presenta con independencia de toda organización. Porque cuando se va a dar la batalla a la Monarquía, hay que oponerle un frente único, bloque compacto, unas fuerzas unidas y coherentes, y los republicanos sueltos—gentes acomodaticias, que a nada se comprometen en esta hora de los grandes sacrificios—lo único que vienen a hacer es a favorecer a los monárquicos, sembrando la división entre nosotros.

No os dejéis coger en la trampa, correligionarios.

Personalmente nada hemos de decir de los Sres. Fandiño y Fernández; pero en el aspecto político declaramos que los buenos republicanos, los que se dan cuenta de la responsabilidad que les cabe en la obra de transformar a España, deben negarles su voto rotundamente.

¡Afuera el confusionismo!

EN EL CUARTO DISTRITO SOLO EXISTE UNA VERDADERA CANDIDATURA REPUBLICANA, DE CORRELIGIONARIOS ORGANIZADOS Y DISCIPLINADOS.

La forman:

**D. Angel Senra Fernández.**
**D. Julio Suárez Ferrín.**
**D. Francisco Portela de Fano.**

Esta es la que debeis votar INTEGRA, sin borrar ni sustituir un solo nombre, porque eso supone una cobardía y una deserción de vuestros deberes cívicos.

Ciudadanos:

¡NO OS DEJEIS ENGAÑAR!

Votad íntegra la candidatura de la Federación Republicana.

¡DESCONFIAD DE LAS IMITACIONES!

*La Junta del Cuarto Distrito.*

IMPPENTA MORET.—LA CORUÑA

## Abril de 1931 / Panfleto da candidatura republicana oficial do cuarto distrito da Coruña, contra os republicanos independentes

[Arquivo Municipal da Coruña. Colección de impresos nº 57]

